

Datas.

Os cursos desenvolveranse nas seguintes datas:

1º curso: do 23 ao 27 de maio.

2º curso: do 30 de maio ao 3 de xuño.

O horario dos cursos será de 10 a 14 horas e de 16 a 20 horas.

Certificado.

Para obter o correspondente diploma será requisito indispensable superar a fase de formación teórica, onde o alumno ten que superar todas as materias que figuran no programa.

Modificacións.

O Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia poderá modificar o desenvolvemento do curso para adaptalo ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

A Estrada, 20 de abril de 2005.

José Antonio Vázquez Taín
Director do Centro de Estudos Xudiciais
e Seguridade Pública de Galicia

Resolución do 20 de abril de 2005 pola que se convoca un curso de actualización en materia de estranxeiría.

Dentro das actividades programadas para o ano 2005, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2005, do 4 de xaneiro, do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, anúnciase a celebración dun curso de actualización en materia de estranxeiría, que deberá desenvolverse conforme as seguintes bases:

Obxectivos.

-Dar os coñecementos necesarios en materia de estranxeiría, situacións conflitivas con estranxeiros, para que os policías poidan atallar e resolver os posibles problemas que se lles poidan presentar na rúa.

Destinatarios.

O curso vai dirixido aos membros das forzas e corpos de seguridade.

Inscrición.

A inscrición dos participantes será totalmente gratuíta.

Prazas.

80 prazas.

Solicitudes.

1. O persoal que desexe participar neste curso deberá presentar, cuberta á máquina ou con letra moi clara, a instancia que figura no anexo.

2. O prazo para a presentación de instancias rematará o día 13 de maio de 2005, ás 14.00 horas.

3. As instancias deberán enviarse ao Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, sito na Avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada; ou ben poden entregarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Datas.

O curso realizarase en datas do 25 ao 27 de maio en horario de 9.30 a 14.00 e de 15.30 a 19.00 horas; excepto o día 27 que será en horario de 9.30 a 13.30 horas, cunha duración de 20 horas lectivas.

Contido.

I. Observacións xerais sobre migración e estranxeiría.

II. Réxime comunitario e réxime xeral de estranxeiría.

III. Documentación de estranxeiros.

IV. Actuación operativa en materia de estranxeiría.

V. Documentación de españois: DNI e pasaporte.

Relación de admitidos.

A relación de admitidos farase pública o día 18 de maio a partir das 14.00 horas, no taboleiro de anuncios do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, ou ben poden coñecer e confirmar a súa asistencia chamando ao teléfono 986 59 00 21.

Lugar.

O curso desenvolverase no Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, sito na Avenida da Cultura, s/n, no Concello da Estrada.

Certificado de asistencia.

Ao remate do curso entregaráselle un certificado de asistencia a aquelas persoas que acrediten a súa participación continuada a el.

Modificacións.

O Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia poderá modificar o desenvolvemento normal do curso para adaptalo ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

A Estrada, 20 de abril de 2005.

José Antonio Vázquez Taín
Director do Centro de Estudos Xudiciais
e Seguridade Pública de Galicia

ANEXO	ENTIDADE DE PERTENZA
CURSO: ACTUALIZACIÓN EN MATERIA DE ESTRANXEIRÍA LOCALIDADE: CENTRO DE ESTUDOS XUDICIAIS E SEGURIDADE PÚBLICA DE GALICIA	
1. SOLICITANTE	
Apelidos:	Nome:DNI
Data de nacemento:	Teléfono/s de contacto:
Enderezo particular:
Rúa:	Concello: Provincia:
2. DATOS PROFESIONAIS	
Corpo de procedencia:	Clase de persoal
Categoría	Grupo de pertenza dentro do corpo
Ano de entrada no corpo	Enderezo do posto de traballo
3. INFORME DO XEFE DO CADRO DE PERSOAL OU DO CONCELEIRO DELEGADO	
Vista a solicitude presentada polo interesado, declaro que o funcionario atópase en activo, e ten a miña autorización para asistir ao curso	
Lugar e data	Sinatura e selo do órgano informante
Asdo:
4. DECLARACIÓN	
Declaro, pola miña honra:	
Que son certos todos os datos que figuran nesta solicitude	
Sinatura do/da solicitante: de de 200	
5. SELECCIÓN	
Vista a solicitude presentada polo/la interesado/a, o órgano conxunto de selección, resolveu	
<input type="checkbox"/> selecciónalo/a <input type="checkbox"/> non selecciónalo/a	
Sinatura e selo do órgano seleccionador:	
Lugar e data:	Asdo:

Director do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia.

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Resolución do 26 de abril de 2005 pola que se fan públicos os membros integrantes da Xunta Electoral de Galicia.

Disolto o Parlamento de Galicia e convocadas eleccións a el polo Decreto 77/2005, do 25 de abril, a Xunta Electoral de Galicia constituída o día 13 de maio de 2002 asume, a partir da entrada en vigor do referido decreto, o pleno exercicio das facultades establecidas pola lexislación electoral vixente, na súa sede no Tribunal Superior de Xustiza, na cidade da Coruña, e coa composición seguinte:

Presidente: Jesús Souto Prieto.

Vicepresidente: Juan Carlos Trillo Alonso.

Vogais:

Francisco J. D'Amorín Vieitez

Jesús Martínez Girón

José Antonio Portero Molina

Juan Luis Martínez López

Antonio J. Outeiriño Fuente

Antonio Xabier Ferreira Fernández

Ángel Gómez-Iglesias Casal

Secretario: José Ramón Cólera Leirado.

A Coruña, 26 de abril de 2005.

Jesús Souto Prieto

Presidente da Xunta Electoral de Galicia

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde do 22 de abril de 2005 pola que se elevan a definitivas as propostas de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso en diversas categorías do grupo III, convocadas pola Orde do 19 de decembro de 2003, de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.

De conformidade co disposto na base cuarta da convocatoria para o acceso a diversas categorías do grupo III, levada a efecto pola Orde do 19 de decembro de 2003 (DOG nº 252, do 30 de decembro), remitida polo tribunal a proposta de aspirantes que superaron o proceso selectivo, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Elevar a definitiva a proposta dos aspirantes que superaron o proceso selectivo das categorías correspondentes ao grupo III e que se relacionan como anexo a esta orde.

Segundo.-Os aspirantes que constan no dito anexo deberán remitir, no prazo de 20 días contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no DOG, á Dirección Xeral da Función Pública os docu-